

## **IV CONCURSO POSTAIS NADAL ILUSTRE COLEXIO DE VETERINARIOS DE LUGO**

### **BASES:**

#### **1. Obxectivo:**

O obxectivo deste concurso é estimular a creatividade técnico-artística de mozas e xerar o intercambio de coñecementos e experiencias artísticas de adultos con motivo da celebración das festas do Nadal.

#### **2. Participantes:**

Poden participar todas aquelas persoas interesadas en achegar a súa parte artística, independentemente da súa idade.

Non poderán participar nin os membros do Xurado nin os membros da Xunta de Goberno, como tampouco poderán facelo os seus familiares.

Cada participante só poderá entregar unha Postal Do Nadal.

#### **3. Categorías:**

- Categoría 1: Ata 6 anos.
- Categoría 2: De 7 a 12 anos.
- Categoría 3: De 13 a 17 anos.
- Categoría 4: Adultos.

#### **4. Condicións técnicas dos debuxos:**

O tema dos traballos será “O Nadal Veterinario”, deixando plena liberdade para que cada participante poida unir o tema do Nadal coa profesión veterinaria.

Cada participante poderá presentar un único traballo realizado en papel ou cartolina de tamaño A5. A técnica será libre. Os debuxos deben ser inéditos e non obter premios ou recoñecementos noutros concursos e valorarase a relación do debuxo coa profesión veterinaria. O debuxo irá sen sinatura ou calquera tipo de marca que poida identificar o autor/a.

#### **5. Premios:**

Outorgarase un premio por cada categoría.

As postais gañadoras serán anunciadas e publicadas na web do Colexio.

Se o Xurado o estima oportuno podería declarar deserto o Concurso ou algún dos premios.

O acto de entrega de premios comunicarase, oportunamente, aos galardoados .

Os debuxos gañadores das distintas categorías converteranse nas postais de felicitación telemáticas do Colexio de Veterinarios de Lugo. As postais, tamén, expoñeranse na páxina web colexial e poderán ser enviadas a distintos medios de comunicación.

#### **6. Presentación de traballos e prazo:**

As postais deberán entregarse ou enviarse ao Colexio de maneira que sexan recibidas entre as 08:00 do 29 de novembro ata as 20:00 do 21 de decembro de 2022, nun sobre pechado no que debe figurar:

- “IV Concurso de Postais Do Nadal de Colexio de Veterinarios de Lugo – 2022”.

- Nome e apelidos do remitente.

## **IV CONCURSO POSTAIS NADAL ILUSTRE COLEXIO DE VETERINARIOS DE LUGO**

- Enderezo postal completa.

Dentro do sobre estará a postal en cuxo reverso aparecerá escrito:

-Nome e apelidos do autor/a de o debuxo, así como o DNI no caso de adultos.

- Nome e apelidos do/a proxenitor/a (nas 3 primeiras categorías).

-Idade do participante (nas tres primeiras categorías).

-Enderezo, localidade, teléfono de contacto.

-Correo electrónico

O Colexio comprométese a poñer o máximo coidado na conservación das postais, pero non se responsabiliza dos danos ou extravíos que poidan sufrir, nin da perda, roubo ou danos que poidan producirse no transcurso do Concurso.

### **7. Xurado:**

O xurado será designado polo Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo. O fallo do xurado farase público o día 23 de decembro na páxina web do Colexio.

### **8. Normas finais:**

A participación no presente concurso e o facilitar os datos persoais supón, por parte do concursante, a aceptación, plena e incondicional das bases e condicións do concurso.

A presentación dunha postal implica: a autorización para poder proceder á súa exposición e utilización, a aceptación destas bases e das decisións que adopte o Xurado naqueles aspectos non previstos nas mesmas.

O Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo queda facultado para introducir algunha modificación no debuxo premiado, se existise algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nestas bases.

Os traballos presentados pasarán a ser propiedade exclusiva do Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo, podendo ser reproducidos e facer deles o uso publicitario que se estime conveniente, con mención do seu autor e idade.

Salvo que manifeste o contrario, entendemos que autoriza dita cesión de datos.

As persoas que participen no concurso outorgan mediante a aceptación destas bases, o seu consentimento expreso para que o Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo poida utilizar a imaxe e/o datos dos concursantes coa finalidade de promocionar e/o publicitar en calquera medio o IV Concurso de Postais Do Nadal, sen que supoña contraprestación adicional algunha para o gañador.